Participación en debates literarios. Comunidade lectora

Criterio	Excelente	Bo	Aceptable	Baixo
Defensa do seu argumento	Aporta a súa opinión nos debates literarios de maneira xustificada e respectuosa, mostrando reflexión e realizando boas valoracións.	Aporta a súa opinión nos debates literarios e de maneira xustificada e respectuosa, aínda que debe seguir avanzando nas valoracións e xuízos críticos.	Aporta a súa opinión nos debates literarios de maneira respectuosa aínda que precisa de axuda para xustificala.	Non participa activamente nos debates literarios, non intervén de maneira respectuosa ou non consegue defender un argumeto propio.
Participación activa. Capacidade de escoita	Realiza unha escoita activa durante as intervencións dos demais seguindo as normas sociais: respecta a quenda de palabra e as opinións dos demais.	Realiza unha escoita activa durante as intervencións dos demais seguindo as normas sociais case sempre.	Respecta a quenda de palabra e as opinións dos demais, aínda que algunha vez non o fai.	Non respecta a quenda de palabra ou as opinións dos compañeiros.
Pronuncia e entoación.	Enténdese o discurso con claridade. Non comete erros de pronunciación. Ton adecuado á situación, coas flexións precisas.	Enténdese o discurso con claridade, pero pronuncia unha ou dúas palabras con dificultade. Ton adecuado á situación, con poucas flexións de voz.	Enténdese o discurso con claridade, pero presenta erros na pronuncia de tres palabras. Ton bastante alto ou baixo, con poucas ou ningunha flexión de voz.	Enténdese a mensaxe pero pronuncia 5 ou máis palabras de maneira inadecuada. Ton excesivamente alto ou baixo.
Autonomía e fluidez na expresión oral.	Exprésase de maneira autónoma, fluída, e segura, sen vacilacións nin tatexos. utilizando un vocabulario adecuado.	O alumnado exprésase de maneira principalmente autónoma e fluída, aínda que pode haber algunhas interrupcións ou inseguridades na expresión oral.	Exprésase de maneira limitada e con dificultade. Precisa apoio do interlocutor para iniciar ou continuar o discurso. Hai interrupcións frecuentes e falta de fluidez. Non realiza as pausas adecuadas.	O alumnado ten dificultades para expresarse oralmente de maneira autónoma e fluída, o que dificulta a comprensión da súa mensaxe. Precisa apoio para iniciar ou continuar o discurso.
Vocabulario.	Exprésase cun vocabulario rico e variado.	Exprésase cun vocabulario básico, pero variado.	Exprésase cun vocabulario limitado, coloquial e impreciso. Utliza vocabulario básico en oracións simples.	Vocabulario impreciso e xenérico. Repite as palabras, aínda que sexa con significado diferente.
Uso adecuado de recursos non verbais.	Utilíza recursos non verbais de forma efectiva e coherente para complementar o contido da infografía.	Utilíza a maioría dos recursos non verbais de maneira adecuada, pero pode haber algunhas inconsistencias.	Utilíza algúns recursos non verbais de maneira adecuada, pero hai varias inconsistencias e falta de coherencia.	Non utiliza correctamente os recursos non verbais, o que dificulta a comprensión e a comunicación efectiva.

“Rúbrica comunidades lectoras”, do proxecto cREAgal, se publica con Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0